



# MEMORIA — 2023



**Edita:** Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade

**Sede do Fondo Galego:**

FEGAMP. Área Central, Rúa Varsovia, 4C - 6º, 15703 Santiago de Compostela  
Tlf. +34 981 555 999

**Oficina Técnica do Fondo Galego:**

Centro Cívico Sur, Rúa Luís Braille, 40 - 36003 Pontevedra  
Tlf. +34 604 040 890 ~ +34 698 144 536  
info@fondogalego.gal

**Tiraxe:** 400

**Impresión:** Tórculo Comunicación Gráfica, S.A

**Deseño gráfico e diagramación:** BREO.gal

**Fotografías:** Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade


**Depósito legal:** Vg. 276-2014



# O FONDO GALEGO

## *Peche de ciclo*

O Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade vén de pechar unha intensa anualidade na que **concluíu o mandato 2019–2023** e iniciou a andaina para os vindeiros catro anos. Un novo ciclo marcado pola combinación entre a necesaria continuidade que dá solidez ao traballo da nosa asociación e os aires renovadores que permiten manter a ilusión e adaptarse aos futuros retos que afronta a nosa rede de concellos e deputacións, sempre cun firme compromiso cos Dereitos Humanos e coa loita contra a pobreza e as desigualdades a nivel global.



En 2023 **impulsamos a área de cooperación internacional** con oito proxectos en países do Sur. Ademais, persoal dos nosos concellos compartiu os seus coñecementos cos parceiros en terreo a través da cooperación técnica. Tamén organizamos unha misión aos campamentos de persoas refuxiadas saharauís e celebramos na Illa do Príncipe o IV Foro da Cooperación Municipalista da Lusofonía. Entre as iniciativas impulsadas en Galicia, destacou o II Encontro Estatal de Gobiernos Locais e Cooperación Internacional, as accións do proxecto People & Planet ou as visitas de delegacións chegadas Brasil, Italia, Príncipe e a RASD para intercambiar experiencias.

Estas e outras moitas actividades foron posibles grazas ao traballo **man a man con diversas entidades e institucións**, así como á colaboración da Xunta de Galicia, a Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento ou o programa DEAR da UE. Un traballo en rede que ten a Axenda 2030 como folia de ruta e que promove a solidariedade internacional desde o local.

# COOPERACIÓN AO DESENVOLVEMENTO


## *Proxectos nos países do Sur*



O 2023 foi un ano de peche de proxectos en curso e tamén de reflexión para o novo mandato 2024-2027. Executáronse un total de 233.934€ na área de cooperación ao desenvolvemento, dos que 147.541€ se destinaron a proxectos de cooperación e 7.257€ ao programa Especialistas en Cooperar. Un ano máis, a actividade da área de cooperación internacional contou co apoio económico do Concello de Narón.

Se ben o ano daba inicio co peche da convocatoria para proxectos de ONGD galegas ou con sede en Galicia -aberta a finais de 2022- e coa súa avaliación e adxudicación, no mes de decembro tiña lugar unha misión solidaria ao Sáhara, na que representantes de quince concellos galegos tiveron a oportunidade de coñecer de primeira man a vida nos campamentos saharauís. Polo medio, a execución de oito proxectos de cooperación e o programa Especialistas en Cooperar marcaron a actividade do exercicio.

 [www.fondogalego.gal](http://www.fondogalego.gal) > Cooperación



## Convocatoria de proxectos para ONGD

En decembro de 2022 lanzouse a convocatoria de proxectos para ONGD, que pechou o prazo de presentación de propostas o 31 de xaneiro de 2023, cun total de oito solicitudes recibidas. A convocatoria estaba dotada con 100.000€, cun máximo de 25.000€ por cada proxecto aprobado para financiamento.

Para a avaliación das propostas constituíuse a Comisión Avaliadora de Proxectos, integrada por técnicas e técnicos dos concellos de Ames, Rianxo, Boiro, Lousame e Barreiros, que contaron co apoio do persoal do Fondo Galego. A Comisión Avaliadora elevou a proposta de resolución da convocatoria á Comisión Executiva, que a ratificou.

En total, resultaron aprobados catro proxectos:



## GUATEMALA

# Mellora das condicións de habitabilidade de familias indíxenas ch'orti' de Guayabillas, Barrio Nuevo, Rexión VIII de Jocotán, Chiquimula

*Entidade beneficiaria*  
Solidariedade Internacional de Galicia

*Persoas beneficiarias*  
138

*Datas de execución*  
Xuño -  
Novembro 2023

*Axuda concedida:*  
25.000€

### *Actividades*

A intervención tiña como obxectivo principal contribuir á soberanía alimentaria e o desenvolvemento integral das 11 comunidades ch'orti', a través da construción participativa de 30 cociñas ecolóxicas aforradas de leña para igual número de familias indíxenas, a entrega a cada familia un kit de potas, tixolas, vaixela, etc. adecuadas e de fácil limpeza, e capacitar ás familias sobre o uso axeitado e mantemento das cociñas ecolóxicas, a incorporación de especies locais nutritivas á dieta familiar e a preparación hixiénica de alimentos.



## NICARAGUA

# Mellora da produtividade e a xestión ambiental das áreas naturais vinculadas á actividade acuícola e porcina de Chinandega, coa participación da comunidade escolar

*Entidade beneficiaria*  
**Amigas da Terra**

*Persoas beneficiarias*  
**122**

*Datas de execución*  
**Xuño 2023 –  
Marzo 2024**

*Axuda concedida*  
**25.000€**

### *Actividades*

Para lograr os obxectivos do proxecto, realizáronse charlas ambientais sobre o coidado e manexo de zonas hídricas, a fin de mellorar a xestión de zonas naturais vinculadas a granxas acuícolas e porcinas. Tamén se levaron a cabo xornadas de reforestación e sentáronse as bases para crear unha estratexia de economía circular que utilice o plástico xerado nos municipios para usalo na elaboración de accesorios de utilidade para as escolas, como pupitres, casetas de latrinas, mesas e asentos para áreas de recreación. Paralelamente, deuse apoio na construción de infraestrutura nas granxas acuícolas e porcinas para mellorar a produtividade e realizáronse intercambios entre mulleres de cooperativas acuícolas.



## O SALVADOR

# Fortalecer os mecanismos de participación cidadá e o acceso aos servizos públicos de saúde sexual e reprodutiva de calidade no municipio de Usulután, departamento de Usulután

*Entidade beneficiaria*

Asemblea de Cooperación pola Paz

*Persoas beneficiarias*  
603

*Datas de execución*

Marzo 2023 -  
Marzo 2024

*Axuda concedida*  
25.000€

*Actividades*

A intervención buscaba fortalecer os mecanismos de participación cidadá e o acceso aos servizos públicos de saúde de calidade, especialmente da saúde sexual e reprodutiva, en seis comunidades rurais do municipio de Usulután. Para iso foron consolidadas as redes comunitarias de promoción da saúde e deuse apoio aos servizos sanitarios públicos de detección e tratamento básico do cancro de mama. Así mesmo, favoreceuse a materialización do dereito á saúde e a unha vida libre de violencias mediante accións de sensibilización e incidencia sobre saúde sexual e reprodutiva e sobre a relevancia do cumprimento dos dereitos sexuais e reprodutivos.





## MOZAMBIQUE

# Promoción do dereito á educación, á saúde e á alimentación da infancia en situación vulnerable do medio rural do sur do país

*Entidade beneficiaria*

Fundación  
Mozambique Sur


*Persoas beneficiarias*  
3.055

*Datas de execución*  
Febreiro 2023 –  
Marzo 2024

*Axuda concedida*  
25.000€

*Actividades*

O proxecto tiña por obxecto contribuír ao exercicio dos dereitos educativos e sanitarios máis básicos das nenas e nenos de ata seis anos en situación de maior vulnerabilidade dos municipios de Massaca, Mahanhane, Mahelane e Changalane. Para conseguilo, traballouse no apoio para a alimentación suficiente e nutritiva de 503 menores, na mellora na coordinación coa Unidade Sanitaria de Massaca para garantir o acceso á saúde da rapazada e as súas nais, no fortalecemento da atención ás xestantes a través da súa identificación nas consultas e na comunidade, así como na promoción dunha educación nutricional saudable, a través de charlas e diálogos, alén do apoio alimentario e medicinal.



## **Proxectos de cooperación directa**

O Fondo Galego investiu un total de 47.216€ nos catro proxectos que foron apoiados de xeito directo: dous en Mozambique, un en Guinea-Bissau e un nos campamentos de persoas refuxiadas saharauís.



## GUINEA BISSAU

# Apoio á obtención de auga potable na Illa de Pecixe, comunidade de Pessangue

### Parceiro local

Goberno  
Rexional de  
Cacheu

### Persoas beneficiarias

1.077

### Axuda concedida

12.548€

### Actividades

Pessangue sitúase na illa de Pecixe e é unha das comunidades máis illadas da Rexión de Cacheu. A súa poboación atópase completamente desprovista dos servizos máis básicos. Este proxecto é o terceiro dun programa impulsado polo Fondo Galego para mellorar o acceso á auga potable en Pecixe. Nesta fase, constrúese un pozo de auga con depósito de 4.000 litros, motobomba con sistema de paneis solares e canalización ata a fonte pública da comunidade. As actividades incluíron a sensibilización das mulleres para utilizaren a fonte pública e evitar a recollida de auga en pozos abertos. Ademais, entre o Goberno local e a veciñanza preparouse un modelo de xestión da estrutura, a fin de garantir o seu mantemento.



## MOZAMBIQUE

# Apoio de emerxencia a familias afectadas nas inundacións nos distritos de Boane e Namaacha

### *Parceiro local*

Fundação  
Encontro

### *Persoas beneficiarias*

1.422

### *Axuda concedida*

15.000€

### *Actividades*

O proxecto contribuíu a mitigar os efectos das inundacións que afectaron gravemente ás comunidades de Umpala, Massaca 1, Massaca 2, Mahanhane e Mahelane en febreiro de 2023. Identificáronse un total de 361 familias que se dedicaban á agricultura de subsistencia sen o mínimo para sobrevivir. O proxecto traballou na provisión de insumos de produción para familias que perderon a súa horta e sufriron danos no seu fogar, coa conseguinte perda de utensilios domésticos, mantas, alimentos e material escolar. Para paliar a situación, as familias afectadas recibiron sementes e materiais agrícolas, alimentos e mantas, así como material escolar e uniformes para as nenas e nenos. Tamén se arranxou o acceso ao centro infantil 'Xiluva'.



## CAMPAMENTOS DE PERSOAS REFUXIADAS SAHARAUÍS

# Proxecto Nadafa II (Wilaya de Bojador)

### *Parceiro local*

República  
Árabe Saharauí  
Democrática

### *Persoas beneficiarias*

16.500

### *Axuda concedida*

18.000€, dos que  
10.000€ foron  
financiados polo  
Concello de Nigrán e  
950€ polo Concello  
de Moaña

### *Actividades*

O proxecto Nadafa busca mellorar a xestión dos residuos na wilaya de Bojador e 2023 foi o seu segundo ano de implementación. Co fin de incidir na limpeza e salubridade da wilaya, contratouse a dez operarias e operarios para incrementar a frecuencia e eficacia na recollida dos residuos. Ao mesmo tempo, intensificáronse as actividades de sensibilización dirixidas á poboación, incluíndo os 3.382 nenos e nenas das escolas, para o que se contou coa colaboración das organizacións xuvenís do campamento. Ademais, apoiouse á emisora de radio local para incrementar as mensaxes a prol da protección medioambiental e o coidado da contorna.





## MOZAMBIQUE

# Apoio á sustentabilidade do centro de menores 'Esperanza' de Katembe

### *Parceiro local*

Centro de menores 'Esperanza'

### *Persoas beneficiarias*

37

### *Axuda concedida*

1.500€, financiados polo Concello de Ames

### *Actividades*

O centro de menores 'Esperanza', localizado no barrio de Inguide, na cidade de Maputo, está tutelado polo Instituto Nacional de Acción Social do Goberno de Mozambique. As instalacións albergan a rapazada desfavorecida de variada procedencia e en distintas situacións de vulnerabilidade, como nenas e nenos perdidos, orfos, abandonados, vítimas de violencia, etc. A situación do centro é moi precaria, xa que non pode ofrecer os servizos básicos axeitados para o desenvolvemento das e dos menores. A falta de recursos levou á súa Dirección a explorar posibles actividades económicas que xeren ingresos para completar o orzamento. Nesta liña, púxose en marcha unha unidade de cría de polos, así como a creación de hortas, cun triplo obxectivo: mellorar a nutrición das nenas e nenos acollidos, contribuír á sustentabilidade do centro para garantir os dereitos de alimentación, saúde e educación das e dos menores, e garantir a formación das rapazas e rapaces en actividades agropecuarias.



Concello de AMES



Dous técnicos e unha técnica dos concellos de Boiro, Lousame e Pontedeume desprazáronse no último trimestre do ano a Mozambique e Cabo Verde para colaborar cos parceiros do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade, a través do programa Especialistas en Cooperar.

As tarefas de **Jaime Bello**, educador social do Concello de **Boiro**, estiveron vinculadas á promoción da equidade de xénero, apoio no ámbito educativo e reforzo das actividades lúdicas e formativas na Casa do Gaiato, en Mozambique.

**ESPECIALISTAS EN COOPERAR**



**Néstor Romero**, técnico de deportes de **Lousame**, volveu por segundo ano consecutivo ao municipio de Nhamayábue, onde continuou traballando na elaboración dun programa deportivo que involucre a todas as faixas de idade, ademais de impartir formacións.

Pola súa banda, **Marián Castro** viaxou a Cabo Verde para apoiar á Asociación Nacional de Municipios Caboverdianos. A psicóloga do Concello de **Pontedeume** tivo entre os seus cometidos contribuír ao fortalecemento das capacidades municipais.







## Misión ao Sáhara

Unha trintena de representantes de quince concellos galegos visitaron a primeiros de decembro os campamentos saharauís en Tindouf (Alxeria) co fin de coñecer de primeira man a realidade das persoas refuxiadas e os proxectos de axuda humanitaria impulsados desde Galicia, así como visibilizar o apoio institucional das administracións locais á causa saharauí. A misión política estivo organizada polo Fondo Galego canda a Delegación da República Árabe Saharauí Democrática en Galicia e España e a ONGD Solidariedade Galega co Pobo Saharauí.

A axenda en terreo incluíu senllos recibimentos por parte do primeiro ministro da RASD, Bucharaya Beyun, e da gobernadora de Bojador, Dih Chadad. A delegación galega puido tamén supervisar in situ unha planta de reciclaxe de residuos ou as instalacións da Media Lúa Vermella Saharauí, alén de reunirse coa Asociación de Familiares de Prisioneiros Saharauí e Persoas Desaparecidas.

Os concellos presentes nesta misión foron: Allariz, Boiro, Brión, Cabanas, Laxe, Lugo, Moaña, Monforte, Muros, Nigrán, Oleiros, Padrón, O Rosal, Sada e Viveiro.

# SENSIBILIZACIÓN E COMUNICACIÓN

*Formar e comunicar  
para o cambio social*

As accións do proxecto europeo 'People & Planet' volveron centrar a actividade da área de educación para a cidadanía global, incorporando actuacións novidosas que se complementaron con propostas de continuidade, pero sempre enfocadas na transformación cara sociedades máis xustas e inclusivas. A comunicación para o desenvolvemento transversalizou asemade todo o labor do Fondo Galego, que intensificou especialmente a súa presenza en redes sociais, onde contamos con preto de 10.000 seguidores.



[www.fondogalego.gal](http://www.fondogalego.gal) > Sensibilización

# PEOPLE & PLANET

UN DESTINO COMÚN



## People & Planet: Un destino común

O proxecto europeo People & Planet superou o seu ecuador poñendo en marcha innovadoras actividades para involucrar á xente nova e aos gobernos locais no desenvolvemento sostible, como é a exposición de realidade aumentada sobre os ODS na que nove concellos están a traballar. Ademais, unha ducia de municipios se sumaron ao “apagón” convocado polo Día Mundial do Medio Ambiente. Doutra banda, convocáronse as primeiras edicións do certame audiovisual #PeopleOfTheFuture e do concurso de murais #PeopleAndPlanet, cofinanciado pola Xunta de Galicia. As accións do proxecto centraron, así mesmo, a Axenda 2024 do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade.





## Comunicación de guerrilla

Mocidade de sete dos dez concellos involucrados nesta transgresora e creativa actividade participou xa nos obradoiros de guerrilla da comunicación impartidos pola ONGD Agareso para crear as súas propias accións de rúa sobre as que concienciar sobre o dereito á auga e a preservación deste prezado recurso. A contaminación causada polas toallíñas e as cabichas, a protección dos océanos e os acuíferos ou a pegada da auga invisible foron algúns dos temas abordados na Pastoriza, A Pobra, Bergondo, Pontearreas, Pontevedra, Rianxo e Tomiño.



## Performance

Combinando expresión corporal, textos literarios e música, as mozas e mozos participantes nos obradoiros de performance dinamizados pola cooperativa Artefeito chamaron a atención sobre a necesidade de xestionar a auga de maneira sustentable. Os grupos inspiráronse mesmo nos ríos da zona, lendas ou datos científicos e expresaron tamén os seus desexos para o futuro, empregando metodoloxías como o teatro-imaxe e a percusión corporal. Aconteceu en Alfoz, Bergondo, Caldas de Reis, Miño, Moaña, Narón, Redondela, O Rosal, Valga e Xove.



## Cociña sostible

Nos obradoiros 'Cambio climático no prato', o recoñecido chef Álex Iglesias amosoulle á rapazada como desde os fogóns podemos reducir a tamén a nosa pegada hídrica de carbono, sobre todo empregando produtos de proximidade e de temporada e practicando a cociña de aproveitamento. Reducir o consumo de carne, optar por alimentos ecolóxicos e minimizar os plásticos son outras das posibilidades. A actividade levouse a cabo nas Pontes, Ames, Cabana de Bergantiños, Cabanas, Carballo, Cariño, Culleredo, Mugardos, Muros, Outes, San Sadurniño e Viana do Bolo.



## Consellos Climáticos

Na Guarda, As Neves, Oleiros e Teo continúan activos os Consellos Climáticos Asesores Xuvenís, grupos de traballo que se reúnen mensualmente para reflexionar sobre estilos de vida máis sostibles, xuntando as visións global e local. Amais de deseñar accións en colaboración co goberno municipal, ao longo de 2023 os equipos traballaron da man da cooperativa Dálle que Dálle na elaboración dunha guía sobre hábitos sustentables. As aprendizaxes puxéronse en común no encontro que mantiveron entre o 26 e o 28 de xuño no albergue xuvenil de Sada.



## Encontros en Italia e Bruxelas

Do 17 ao 21 de abril celebrouse nas cidades italianas de Bologna e Foligno a xuntanza anual de parceiros do proxecto People & Planet, que nos permitiu avaliar e reencamiñar as actividades a realizar nos oito países participantes, aínda que tamén houbo encontros abertos con autoridades locais e mocidade. Por outra parte, o 10 e o 11 de maio tivo lugar en Bruxelas o Exchange Hub 'Deixando un legado para un futuro mellor', obradoiro formativo organizado polo Programa DEAR que se centrou no intercambio de boas prácticas e na metodoloxía do "storytelling".





## Certame 'Muros que unen VI'

O barcelonés Bernat Solsona, os estremeños 'PeKolejo' e a rioxana Marta Burgui gañaron o VI Certame de Murais arredor dos ODS 'Muros que unen', financiado polo Concello da Coruña. As súas obras 'Barrios con vida, non con caixas', 'Éxodo climático' e 'Conservemos o ecosistema mariño' convidannos a reflexionar sobre o consumo responsable, o cambio climático e a conservación dos océanos desde o patio do CEIP Zalaeta. Ao concurso presentáronse 29 muralistas, dos que 16 eran mulleres, superando por vez primeira ao número de homes, e recibíronse un total de 34 bosquejos.





## A prol do comercio xusto

Por terceiro ano consecutivo, o Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade colaborou na iniciativa #AquíAcoláoxusto da ONGD Solidariedade Internacional de Galicia facilitando a participación de catro concellos socios nun proxecto de financiación autonómica para promover o comercio xusto, a compra pública ética e, en xeral, o consumo responsable. Deste xeito, os municipios de Ames, Barreiros, Laxe e Pontedeume acolleron unha feira e unha obra teatral para dar a coñecer as realidades que se agochan tras a roupa e os alimentos que mercamos.



## Denuncia da guerra en Gaza

O Fondo Galego e varios concellos socios sumáronse ao comunicado subscrito pola Confederación de Fondos de Cooperación y Solidaridad contra a guerra na Faixa de Gaza. Condenan así a violencia infrinxida contra a poboación civil e esixen o cumprimento do dereito internacional humanitario, xunto coa protección dos dereitos humanos e o cesamento das hostilidades. Deste xeito, compartimos o chamamento da ONU para acadar unha paz negociada que satisfaga as aspiracións nacionais lexítimas de palestinos e israelís por igual para garantir a estabilidade a longo prazo.

# FORTALECIMENTO E ACCIÓN INSTITUCIONAL

*Aprendizaxe mutua  
a partir do intercambio*

A reivindicación da importancia da cooperación que facemos desde o ámbito local e procurar un maior número de entidades socias foron as dúas notas características do ano 2023. Sen dúbida, conseguíuse grazas ao grande esforzo realizado por todas as deputacións e concellos socios, que amosaron o seu compromiso participando activamente na vida orgánica do Fondo Galego.

Asemade, 2023 foi un ano marcado pola nova configuración dos entes do poder local tras as eleccións municipais do mes de maio, feito que orixinou a renovación da Comisión Executiva do Fondo Galego. Sen deixar de agradecer o traballo, dedicación e esforzo á Comisión Executiva saínte, a Comisión Executiva entrante tentará dar un novo pulo ao traballo e ao esforzo depositado nesta axencia municipal da cooperación galega.



## II Encontro Estatal de Gobernos Locais e Cooperación Internacional ao Desenvolvemento

O ano 2023 deu inicio coa organización do II Encontro Estatal de Gobernos Locais e Cooperación Internacional ao Desenvolvemento, que se celebrou na cidade de Lugo e que reuniu entre os días 7 e 9 de febreiro a máis de 200 participantes. Na súa maioría, cargos electos e persoal técnico de municipios de todo o territorio do Estado, pero tamén representantes da sociedade civil organizada e doutros niveis de goberno.

A cita celebrouse na antesala da aprobación da nova Lei de Cooperación para o Desenvolvemento Sustentable e a Solidariedade Global, un proceso que se iniciaba coincidindo co primeiro Encontro e que finalizaba á vez que este segundo.



O impacto da cooperación municipalista nos denominados países do Sur, a implementación da Axenda 2030 a nivel local ou o novo marco legal que afecta as administracións locais neste ámbito foron algúns dos temas abordados. O programa incluíu, ademais, debates sobre as novas estratexias na educación para a cidadanía global e sobre a cooperación técnica realizada polo persoal municipal. Todo coa cooperación descentralizada municipal no centro e nun contexto clave para a cooperación ao desenvolvemento impulsada desde os gobernos locais.

O II Encontro Estatal de Gobernos Locais e Cooperación Internacional ao Desenvolvemento foi organizado polo Fondo Galego, a Confederación de Fondos de Cooperación y Solidaridad e a FEMP. Contou así mesmo coa colaboración da Xunta de Galicia, a FEGAMP, a Dirección Xeral de Políticas de Desenvolvemento Sustentable, a Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento (AECID) e o programa DEAR da UE, ademais do propio Concello de Lugo e a Deputación de Lugo.



## Visita da Unión Nacional da Mocidade Saharauí

Os concellos de Moaña e Nigrán recibían o 4 de xullo a visita de Ahmed Daula, responsable de cooperación internacional da Unión Nacional da Mocidade Saharauí, xunto cos representantes da RASD en Galicia e de SOGAPS. Os obxectivos da visita, na que os e as participantes fixeron unha exposición das condicións de vida nos campamentos saharauís e a importancia do proxecto Nadafa para a wilaya de Bojador, foron os de visibilizar o apoio de ambos os dous concellos ao pobo saharauí e dar a coñecer a segunda fase do proxecto.



## Visita do presidente da Illa do Príncipe

O presidente da Rexión Autónoma do Príncipe, Filipe Nascimento, percorreu do 11 ao 15 de setembro os concellos de Nigrán, O Rosal, Moaña, A Laracha e mais a Deputación de Pontevedra para coñecer boas prácticas medioambientais. Esta illa africana pertence á República Democrática de São Tomé e Príncipe e foi declarada Reserva da Biosfera pola UNESCO, de aí que a axenda se centrara en visitar parques forestais, comunidades de augas, espazos humanizados e zonas verdes, ademais de puntos limpos e composteiros comunitarios. O presidente do Príncipe reuniuse asemade co director xeral de Relacións Exteriores e coa UE da Xunta de Galicia, Jesús Gamallo, e con representantes do Fons Menorquí de Cooperación.





## #AcessoCidades

Os días 25 e 26 de setembro unha delegación de electas e equipos técnicos de Brasil e Italia intercambiaron experiencias arredor da mobilidade sostible cos seus homólogos nos concellos de Pontevedra e Vigo a través do proxecto AccesoCidades, cofinanciado pola Unión Europea, no que o Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade participa a través da Confederación de Fondos. A iniciativa, da que tamén forman parte o Frente Nacional de Prefeitos e a Associazione Nazionale dei Comuni Italiani, busca mellorar as políticas de mobilidade urbana a partir de criterios de igualdade, como a accesibilidade universal ou a perspectiva de xénero.

É por iso que a comitiva internacional se interesou por un modelo urbano coma o de Pontevedra, baseado na peonalización, de xeito que os distintos puntos da Boa Vila se conectan con rutas a pé duns 15 minutos. Doutra banda, na cidade olívica coñeceron o programa Vigo



Vertical e compartíronse experiencias arredor dunha iniciativa similar implementada en Xénova. O proxecto AccesoCidades, no que se inserta esta actividade, quere promover a aprendizaxe mutua entre países do Norte e do Sur Global para fomentar unha mobilidade sostible a partir de criterios de equidade. Ademais da sustentabilidade ambiental, a mobilidade urbana ten moitos outros retos por diante, como son o financeiro, a xestión do transporte público máis aló das propias cidades, a igualdade de xénero ou as facilidades para que todos os colectivos teñan acceso ao espazo público.





## Visita do ministro de Sanidade saharuí

O 28 de setembro recibimos a visita do ministro de Sanidade da República Árabe Saharauí Democrática, Salek Baba, que se reuniu co presidente do Fondo Galego e alcalde de Nigrán, Juan González, e co alcalde de Gondomar, Paco Ferreira. O representante da Fronte Polisario solicitou o apoio para as súas reivindicacións políticas e para a acción humanitaria nos campamentos de Tinduf. Na xuntanza participaron tamén o delegado saharuí en Galicia, Mohamed Zerga, e a presidenta da asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharauí, Maite Isla.



## Renovación da Comisión Executiva

O ano 2023 estivo marcado polos comicios municipais celebrados no mes de maio, o que inflúe de xeito determinante na organización interna da nosa asociación, ao terse que renovar o órgano interno de administración e xestión: a Comisión Executiva.

Deste xeito, o Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade abriu o novo ciclo 2023–2027 cunha Asemblea Xeral na que se aprobou por unanimidade a composición da nova Comisión Executiva. O Concello de Nigrán renovou a Presidencia na persoa do alcalde, Juan González, mentres que a Vicepresidencia foi ocupada polo edil de Cartelle, Daniel Fernández. A concelleira de San Sadurniño, María Muíño e o alcalde de As Neves, José Manuel Alfonso, exercen á súa vez a Secretaría e a Tesourería. As vogalías corresponden aos concellos de Oleiros, Santiago de Compostela, Viveiro, Cuntis e Baños de Molgas, concretamente nas figuras das edís Marga Figueroa, María Rozas e Lara Fernández, e mais dos



alcaldes Manuel Campos e Manuel Ángel Fernández, respectivamente. Representantes duns corenta concellos participaron na mañá do 4 de outubro na Asemblea Xeral celebrada en Santiago de Compostela, que se abriu cun balance do período 2019-2023 por parte do seu presidente. Juan González situou entre os logros do mandato a adopción dun sistema de cotas máis proporcional, o relanzamento da cooperación técnica realizada por persoal municipal, o impulso á implementación da Axenda 2030 no eido local ou a creación da Rede de Autoridades Locais da Lusofonía polos ODS.

Na Asemblea Xeral presentouse tamén en primicia a **campaña '313 Olladas Solidarias'** que o Fondo Galego desenvolveu no último trimestre co fin de ampliar o número de administracións locais socias. O ano pechouse cun total de 102 entidades adheridas.



## IV Foro da Cooperación Municipalista da Lusofonía

O IV Foro da Cooperación Municipalista da Lusofonía arrincou o 26 de outubro na Illa do Príncipe (São Tomé e Príncipe), coa participación de representantes locais e rexionais de seis países de lingua oficial portuguesa e de cinco concellos galegos. 'Gobernanza local para o desenvolvemento sostible' foi a temática central do encontro, organizado polo Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade xunto coa Rexión Autónoma do Príncipe e financiado pola Xunta de Galicia, que houbo de adiarse debido a unha incidencia nas conexións aéreas entre illas.

Deste xeito, os traballos iniciáronse xa o día 23 na Illa de São Tomé, con xuntanzas da Rede de Autoridades Locais da Lusofonía polos ODS, na que, alén do Fondo Galego e a Rexión Autónoma do Príncipe, participan entre outras a Unión das Cidades Capitais de Lingua Portuguesa,



Frente Nacional de Prefeitos (Brasil), Rexión de Cacheu (Guinea-Bissau), Asociación Nacional dos Municipios Caboverdianos e Asociación Nacional dos Municipios de Mozambique. Fomentar a aprendizaxe mutua entre os gobernos locais, incrementar a eficacia nos proxectos de cooperación internacional e colaborar na territorialización da Axenda 2030 son algúns dos obxectivos desta alianza e das propias xornadas.

As entidades citadas e mais os concellos da Laracha, Allariz, Burela, Nigrán e Gondomar tiveron a oportunidade de compartir as súas boas prácticas en xestión medioambiental nunha versión concentrada do programa inicial, que tamén contou coa intervención do Fons Menorquí de Cooperación, a Empresa de Auga e Electricidade de São Tomé e Príncipe, proxecto WACA, STP Digital e Grupo HBD. A axenda completouse con visitas á sede da Reserva da Biosfera, un centro de valorización de residuos, á fábrica de chocolate e distintas cooperativas.



## Asemblea Xeral da FEGAMP

Xa no mes de novembro, o Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade foi convidado á Asemblea Xeral da Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP). Alén de instalarmos un posto informativo, o presidente, Juan González, contou con un espazo para intervir e animar a todos os concellos a adherirse ao Fondo Galego e a “deixar detrás de nós un mundo mellor”. Neste encontro presentouse tamén a campaña ‘313 Olladas Solidarias’.




# INFORME ECONÓMICO

## *As contas claras*

A contabilidade do exercicio 2023 reflicte novamente a estabilidade económica da asociación. Alén dos ingresos que se acadan a través das cotas sociais, destacan as subvencións recibidas por parte de diferentes institucións. Ademais das axudas habituais da Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE da Xunta de Galicia, do Concello da Coruña, do Concello de Narón e da subvención do programa DEAR da Unión Europea para a realización de actividades de sensibilización medioambiental dentro do proxecto People&Planet, sumamos, nesta anualidade, cinco novas achegas: Deputación de Lugo, Concello de Nigrán, Concello de Ames, Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento (AECID) e unha doazón particular do Club Deportivo Lousame.

Debido a que os recursos económicos xestionados polo Fondo Galego son case na súa totalidade de orixe pública, é esencial dar conta rigorosamente da aplicación dos mesmos para protexer a boa xestión. Por este motivo, a Comisión Executiva, co apoio dunha asesoría externa, fai un seguimento continuado da aplicación dos fondos. Pero, ademais, calquera administración local ou a propia cidadanía pode ter información sobre a xestión do Fondo Galego a través da páxina web ou contactando directamente coa nosa entidade.


En canto á transparencia, desde o ano 2017 a entidade vese afectada pola Orde HAP/2015/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostemento Financeiro (BOE nº240 de 5/10/2012), pola que se establece a obriga de remitir ao Ministerio de Facenda e Administración Pública información de carácter económico-financeiro e de gastos de persoal. Deste xeito, o Fondo Galego rende contas de xeito mensual e trimestral ao Ministerio de Facenda, que controla as posibles desviacións.



## INGRESOS 2023:

459.757,93 €

● Cotas entidades socias:	201.601,68€
● Subvención Comisión Europea:	106.651,87 €
● AECID:	29.150,22 €
● Subvención Xunta de Galicia:	60.000,00 €
● Subvención Xunta de Galicia (People & Planet):	9.490,00 €
● Subvención Concello da Coruña:	20.022,79 €
● Subvención Concello de Narón:	11.000,00 €
● Subvención Deputación de Lugo:	6.500,00€
● Subvención Concello de Nigrán:	10.000,00€
● Subvención Concello de Ames:	1.500,00€
● Doazón Club Deportivo Lousame:	2.327,24 €
● Reembolsos Confederación de Fondos:	1.514,13 €



## **GASTOS 2023:**

455.105,31 €

- 41,43% destinado a proxectos e actividades de cooperación internacional ao desenvolvemento
- 46,78% destinado a actividades de sensibilización, educación para a cidadanía global, formación e comunicación
- 10,54% destinado a gastos de funcionamento
- 1,16% destinado a actividades de fortalecemento da asociación e relacións institucionais
- 0,09% de gastos imprevistos

## **SUPERÁVIT 2023:**

4.652,62 €

